

### III. OUTRAS DISPOSICIÓN

#### CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

*ORDE do 14 de agosto de 2014 pola que se modifigan os concertos educativos con centros docentes privados de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obligatoria, educación especial, programas de cualificación profesional inicial, formación profesional básica e ciclos de formación profesional de grao medio e superior.*

Pola Orde da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria do 14 de febreiro de 2013 (DOG número 62, do 1 de abril), ditáronse as normas para a aplicación do réxime de concertos educativos cos centros docentes privados a partir do curso académico 2013/14, de conformidade co establecido na Lei orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do dereito á educación; na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación; e no Real decreto 2377/1985, do 18 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de normas básicas sobre concertos educativos.

Mediante Orde do 9 de agosto de 2013 (DOG do 14 de agosto), aprobáronse os concertos educativos cos centros docentes privados de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obligatoria, educación especial, programas de cualificación profesional inicial (PCPI), ciclos formativos de grao medio e de grao superior, por un período de 4 anos ata o final do curso 2016/17.

A Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE), modifica a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (LOE), no relativo á regulación das ensinanzas do sistema educativo e dos concertos educativos cos centros docentes privados. A Formación Profesional Básica (FPB) do sistema educativo determinada no novo punto 10 do artigo 3 da LOE, implantarase conforme o calendario que sinala a disposición derradeira quinta da LOMCE substituíndo progresivamente os vixentes PCPI. Así, o primeiro curso dos ciclos de FPB implantarase no curso escolar 2014/15, suprimíndose a oferta de módulos obligatorios dos PCPI; o segundo curso implantarase no curso escolar 2015/16, no que se suprimirá a oferta dos módulos voluntarios de 2º curso.

O Real decreto 127/2014, do 28 de febreiro, regula aspectos específicos da FPB do sistema educativo, aprobá catorce títulos profesionais básicos e fixa os seus currículos básicos. Os títulos aprobados por este real decreto, que ten o carácter de norma básica ditada ao abeiro do artigo 149.1.30ª da Constitución, amplíaronse polo Real decreto 365/2014, do 16 de maio, que establece 7 novos títulos.



A LOMCE, na disposición transitoria segunda, regula a aplicación temporal do artigo 84.3 da LOE a centros privados aos que se lles denegou a renovación do concerto ou se lle reduciron unidades polo único motivo de ofrecer unha educación diferenciada por sexos; centros que, no prazo de dous meses desde a entrada en vigor da LOMCE, puideron formular a solicitude de aplicación do devandito precepto da LOE para o resto do vixente período de concertos.

A Orde do 14 de febreiro de 2013 pola que se establecen as normas de aplicación do réxime de concertos educativos sinala, no seu artigo 4, que os que se subscriban terán unha duración máxima de 4 cursos académicos; período no que poderán modificarse segundo o procedemento do artigo 15 da mesma norma a partir do curso 2014/15, por instancia de parte ou de oficio.

Por tanto antecede, por proposta da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos,

**DISPOÑO:**

**Primeiro. *Modificación dos concertos vixentes***

1. Modificar, en aplicación da disposición transitoria segunda da Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE), os concertos educativos subscritos cos centros docentes privados aprobados pola Orde do 9 de agosto de 2013, que se detallan no anexo I desta orde.

2. Modificar, de conformidade co artigo 15 da Orde da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria do 14 de febreiro de 2013, os concertos educativos subscritos cos centros docentes privados aprobados pola Orde do 9 de agosto de 2013, segundo se detalla no anexo II desta orde.

3. Concertar os ciclos de Formación Profesional Básica que se sinalan no anexo III desta orde, de conformidade co previsto no punto 4 da disposición derradeira quinta da LOMCE.

4. Os concertos educativos aos que se refiren os puntos 1, 2 e 3 deste artigo, terán vixencia ata o final do curso 2016-2017.

**Segundo. *Formación en centros de traballo***

Aprobar a formación en centros de traballo para os ciclos formativos de grao medio e grao superior de duración dun curso, que se realizará nos meses de setembro a novembro de 2014, segundo se detalla no anexo IV.



### Terceiro. *Formalización do concerto*

1. As modificacións efectuaranse mediante addenda ao documento administrativo de formalización do concerto educativo subscrito polo centro, que será asinado pola persoa titular do centro privado ou persoa con representación debidamente acreditada e polo director xeral de Centros e Recursos Humanos, de conformidade coa Orde do 25 de xaneiro de 2012 e delegación de competencias nos órganos superiores, directivos e periféricos da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

2. Os centros afectados acreditarán ante a Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, no prazo dun mes desde a publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*, que se atopan ao día no pagamento de todas as súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

3. Se a persoa titular do centro non subscrive o documento de formalización na data que se lle notifique, entenderase decaído no seu dereito.

### Cuarto. *Efectos da modificación*

As modificacións a que se refire esta orde terán efectos económicos e administrativos desde o 1 de setembro de 2014.

Contra esta orde, que esgota a vía administrativa, os interesados poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante esta consellería, no prazo dun mes, a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común ou, directamente, o recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados desde a mesma data, ante a sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade coa Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 14 de agosto de 2014

Jesús Vázquez Abad  
Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria



**ANEXO I**
**Modificacións do concerto de conformidade coa disposición transitoria segunda da LOMCE**

Código	Denominación do centro	Concello	Provincia	Modificación
15020489	CPR Plurilingüe Montespiño	Culleredo	Coruña, A	Incrementar concerto de 1 unidade de EP
36011831	CPR Plurilingüe Las Acacias	Vigo	Pontevedra	Incrementar concerto de 1 unidade de EP
36011191	CPR Plurilingüe Montecastelo	Vigo	Pontevedra	Incrementar concerto de 1 unidade de EP
15004460	CPR Plurilingüe Peñarredonda	Coruña, A	Coruña, A	Incrementar concerto de 1 unidade de EP

**ANEXO II**
**Modificacións realizadas de conformidade co artigo 15 da Orde do 14 de febreiro de 2013**
**a) Educación infantil**

Código	Denominación do centro	Concello	Provincia	Modificación
15015615	CPR San Francisco Javier	Santiago de Compostela	Coruña, A	Suprimir concerto de 1 unidade
36001008	CPR Compañía de María	Cangas	Pontevedra	Suprimir concerto de 1 unidade
36007515	CPR Plurilingüe Santiago Apóstol	Ponteareas	Pontevedra	Suprimir concerto de 1 unidade

**b) Educación Primaria (EP) e Educación Secundaria Obrigatoria (ESO)**

Código	Denominación do centro	Concello	Provincia	Modificación
15004642	CPR Santa María del Mar	Coruña, A	Coruña, A	Incrementar concerto de 1 unidade de EP
15004460	CPR Plurilingüe Peñarredonda	Coruña, A	Coruña, A	Suprimir concerto de 1 unidade de EP
15020489	CPR Plurilingüe Montespiño	Culleredo	Coruña, A	Incrementar concerto de 1 unidade de EP
15015482	CPR San Pelayo	Santiago de Compostela	Coruña, A	Suprimir concerto de 1 unidade de ESO (3º/4º)
32008665	CPR Divino Maestro	Ourense	Ourense	Suprimir concerto de 1 unidade de EP (padroado) Incrementar concerto de 1 unidade de EP (ordinaria)
32008446	CPR Concepción Arenal	Ourense	Ourense	Suprimir concerto de 1 unidade de ESO (1º/2º)
32008458	CPR Plurilingüe María Auxiliadora	Ourense	Ourense	Incrementar concerto de 1 unidade de EP
32016194	CPR Guillermo Brown	Pereiro de Aguiar, O	Ourense	Incrementar concerto de 1 unidade de EP
32020720	CPR Miraflores	Pereiro de Aguiar, O	Ourense	Incrementar concerto de 1 unidade de EP
36016115	Eduardo Pondal	Cangas	Pontevedra	Suprimir concerto de 1 unidade de EP



Código	Denominación do centro	Concello	Provincia	Modificación
36005427	CPR Plurilingüe Lar	Mos	Pontevedra	Incrementar concerto de 1 unidade de EP Suprimir concerto de 1 unidade de ESO (3º/4º)
36007515	CPR Plurilingüe Santiago Apóstol	Ponteareas	Pontevedra	Incrementar concerto de 1 unidade de EP
36011622	CPR Aloya	Vigo	Pontevedra	Suprimir concerto de 1 unidade de ESO (1º/2º)
36009925	CPR Plurilingüe Amor de Dios	Vigo	Pontevedra	Suprimir concerto de 1 unidade de EP

c) Educación especial

Código	Denominación do Centro	Concello	Provincia	Modificación
15004794	CPR Fogar de Santa Margarida	Coruña, A	Coruña, A	Incrementar concerto de 1 unidade de plurideficientes
36018847	CPR Juan María	Nigrán	Pontevedra	Incrementar concerto de 1 unidade de plurideficientes

d) Ciclos formativos de grao medio de formación profesional

Código	Denominación do centro	Concello	Provincia	Modificación
15020313	EFA El Piñeiral	Arzúa	Coruña, A	Concertar o 1º curso de Panadaría, Repostaría e Confeitaría (1 unidade) Suprimir o concerto do 2º curso de Panadaría, Repostaría e Confeitaría (1 unidade)
15021986	Cruz Roja Española	Coruña, A	Coruña, A	Concertar o 2º curso de Farmacia e Parafarmacia (1 unidade) Suprimir o concerto do 1º curso de Farmacia e Parafarmacia (1 unidade)
15004782	La Grande Obra de Atocha	Coruña, A	Coruña, A	Concertar o 2º curso de Xestión Administrativa (1 unidade) Suprimir o concerto do 1º curso de Xestión Administrativa (1 unidade)
15004265	Liceo La Paz	Coruña, A	Coruña, A	Concertar o 2º curso de Xestión Administrativa (1 unidade) Suprimir o concerto do 1º curso de Xestión Administrativa (1 unidade)
15009470	Loyola	Mugardos	Coruña, A	Concertar o 2º curso de Xestión Administrativa (1 unidade) Suprimir o concerto do 1º curso de Xestión Administrativa (1 unidade)
15010769	María Assumpta	Noia	Coruña, A	Concertar o 2º curso de Xestión Administrativa (1 unidade) Suprimir o concerto do 1º curso de Xestión Administrativa (1 unidade)



Código	Denominación do centro	Concello	Provincia	Modificación
27011718	Belarmino Fernández Iglesias	Sober	Lugo	Concertar o 1º curso de Servizos en Restauración (1 unidad) Suprimir o concerto do 2º curso de Servizos en Restauración (1 unidad)
36005671	EFA A Cancela	As Neves	Pontevedra	Concertar o 1º curso de Panadaría, Repostaría e Confeitaría (1 unidad) Suprimir o concerto do 2º curso de Panadaría, Repostaría e Confeitaría (1 unidad)
36000417	San Fermín	Caldas de Reis	Pontevedra	Concertar o 2º curso de Instalacións Eléctricas e Automáticas (1 unidad) Suprimir o concerto do 1º curso de Instalacións Eléctricas e Automáticas (1 unidad)
36011348	San Miguel	Vigo	Pontevedra	Concertar o 1º curso de Instalacións de Telecomunicacións (1 unidad) Suprimir o concerto do 2º curso de Equipos Electrónicos de Consumo (1 unidad)

e) Ciclos formativos de grao superior de formación profesional

Código	Denominación do centro	Concello	Provincia	Modificación
36011622	Aloya	Vigo	Pontevedra	Concertar o 2º curso de Anatomía Patolóxica e Citoloxía (1 unidad)
36011521	Vivas	Vigo	Pontevedra	Concertar o 2º curso de Desenvolvemento de Aplicacións Multiplataforma (1 unidad) Suprimir o concerto do 1º curso de Desenvolvemento de Aplicacións Multiplataforma (1 unidad)

f) Programas de cualificación profesional inicial (módulo voluntario de 2º curso)

Código	Denominación do centro	Concello	Provincia	Modificación
36011853	Daniel Castelao	Vigo	Pontevedra	Concertar o 2º curso de PCPI módulos voluntarios (2 unidades)

g) Orientación

Código	Denominación do centro	Concello	Diferenza horas		Total horas
			1º e 2º curso	3º e 4º curso	
15015482	CPR San Pelayo	Santiago de Compostela	0	-4	20
36005427	CPR Plurilingüe Lar	Mos-Pontevedra	0	-1	24



## ANEXO III

**Concerto de formación profesional básica de conformidade coa disposición final quinta da LOMCE**

Código	Denominación do centro	Concello	Provincia	Modificación
15004794	Fogar de Santa Margarida	Coruña, A	Coruña, A	Concertar o 1º curso do ciclo de Servizos Comerciais (1 unidade)
15004782	La Grande Obra de Atocha	Coruña, A	Coruña, A	Concertar o 1º curso do ciclo de Servizos Administrativos (1 unidade)
15004356	Nebrija Torre de Hércules	Coruña, A	Coruña, A	Concertar o 1º curso do ciclo de Servizos Administrativos (1 unidade) Concertar o 1º curso do ciclo de Informática e Comunicacións (1 unidade)
15010204	Santiago Apóstol	Narón	Coruña, A	Concertar o 1º curso do ciclo de Servizos Administrativos (1 unidade)
32015530	San Martín	Ourense	Ourense	Concertar o 1º curso do ciclo de Servizos Administrativos (1 unidade) Concertar o 1º curso do ciclo de Informática e Comunicacións (1 unidade)
32008914	Santo Cristo	Ourense	Ourense	Concertar o 1º curso do ciclo de Perrucaría e Estética (1 unidade)
32009189	Valle Inclán	Ourense	Ourense	Concertar o 1º curso do ciclo de Servizos Administrativos (1 unidade) Concertar o 1º curso do ciclo de Reforma e Mantemento de Edificios (1 unidade)
36018033	Vigo	Redondela	Pontevedra	Concertar o 1º curso do ciclo de Mantemento de Vehículos (1 unidade)
36011853	Daniel Castelao	Vigo	Pontevedra	Concertar o 1º curso do ciclo de Servizos Administrativos (1 unidade) Concertar o 1º curso do ciclo de Electricidade e Electrónica (1 unidade)
36010794	Fillas de María Inmaculada	Vigo	Pontevedra	Concertar o 1º curso do ciclo de Arranxo e Reparación de Artigos Téxtiles e de Pel (1 unidade)
36016723	Mendiño	Vigo	Pontevedra	Concertar o 1º curso do ciclo de Servizos Administrativos (1 unidade)
36011361	San José de la Guía	Vigo	Pontevedra	Concertar o 1º curso do ciclo de Informática e Comunicacións (1 unidade)
36011348	San Miguel	Vigo	Pontevedra	Concertar o 1º curso do ciclo de Electricidade e Electrónica (1 unidade) Concertar o 1º curso do ciclo de Servizos Administrativos (1 unidade) Concertar o 1º curso do ciclo de Servizos Comerciais (1 unidade)

CVE-DOG: jnlyjmi3-xqq8-ta02-fxj4-pdh4nekffmv7



**ANEXO IV**  
**Formación en Centros de Traballo (FCT)**

Código	Centro	Concello	Unidades	FCT Ciclos medios
Provincia: A Coruña				
15020313	EFA El Piñeiral	Arzúa	1	Comercio
			1	Cuidados Auxiliares de Enfermaría
15021986	Cruz Roja Española	Coruña, A	1	Cuidados Auxiliares de Enfermaría
15004794	Fogar de Santa Margarida	Coruña, A	1	Comercio
15004265	Liceo La Paz	Coruña, A	1	Cuidados Auxiliares de Enfermaría
15004356	Nebrija Torre de Hércules	Coruña, A	2	Cuidados Auxiliares de Enfermaría
			1	Comercio
15010769	Maria Assumpta	Noia	1	Comercio
Provincia: Ourense				
32015530	San Martín	Ourense	2	Cuidados Auxiliares de Enfermaría
32008914	Santo Cristo	Ourense	1	Cuidados Auxiliares de Enfermaría
			1	Comercio
Provincia: Pontevedra				
36000417	San Fermín	Caldas de Reis	1	Comercio
36018033	Vigo	Redondela	1	Comercio
36011609	Colegio Hogar Caixanova	Vigo	1	Impresión en Artes Gráficas
36016152	Divino Maestro	Vigo	2	Cuidados Auxiliares de Enfermaría
36010794	Fillas de María Inmaculada	Vigo	1	Comercio
36016723	Mendiño	Vigo	2	Cuidados Auxiliares de Enfermaría
			1	Comercio
36011348	San Miguel	Vigo		
			2	Cuidados Auxiliares de Enfermaría
36011521	Vivas	Vigo	1	Cuidados Auxiliares de Enfermaría

Código	Centro	Concello	Unidades	FCT Ciclos superiores
Provincia: A Coruña				
15020313	EFA El Piñeiral	Arzúa	1	Xestión Comercial e Márketing
15005270	Novacaixagalicia	Coruña, A	2	Secretariado
Provincia: Pontevedra				
36011622	Aloya	Vigo	1	Secretariado



DOG Núm. 155

Luns, 18 de agosto de 2014

Páx. 35604

Código	Centro	Concello	Unidades	FCT Ciclos superiores
36011622	Aloya	Vigo	1	Integración Social
36013795	Cebem	Vigo	1	Secretariado
36011361	San José de la Guía	Vigo	2	Integración Social

CVE-DOG: jnlyjmi3-xqq8-ta02-fxj4-pdh4nekffmv7

